
TOMÁS O BROMISTA

Texto de JORGE RICO RÓDENAS

Ilustracións de ANNA LAURA CANTONE

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

Tomás o bromista (galego)

ISBN 978-84-8464-369-2. Demademora.

Tomás el bromista (castelán)

ISBN 978-84-8464-370-8. Obras de autor. Primeros lectores.

En Tomàs bromista (catalán)

ISBN 978-84-16804-40-5. Obres d'autor. Primers lectors.

Tomás o traquinás (portugués)

ISBN 978-989-749-098-9. Obras de autor. Primeiros leitores.

Tommaso il burlone (portugués)

ISBN 978-88-95933-83-2. Gli albi d'autore. Primi lettori.

*Tomás era un neno moi traste ao que lle encantaba
agocharse e disfrazarse cando viñan visitas á casa.*



Un día veu comer unha amiga da súa nai, que vivía en Francia.

*Tomás correu ao faiado, cunha manta e un pouco de fío
fixo un disfrace de crocodilo. E cando abriu a porta...*

“Tomás o bromista” reúne todos os ingredientes para gustarlle ao público infantil, invitándoo a que se involucre e sexa partícipe do relato: é un texto narrativo aderezado con rimas, repeticións e fórmulas acumulativas; e sobre todo, o humor, as sorpresas e a creatividade están presentes de principio a fin.

O protagonista é un neno traveso ao que lle encanta disfrazarse para gastar bromas a quen vai de visita á súa casa. Reutilizando calquera material usado é quen de ataviarse coma un crocodilo, un león, unha abella, un elefante... Pero quen ri o último, ri mellor, pensan os destinatarios de tantos sustos.

O ton lúdico do texto de Jorge Rico Ródenas refórzase coa profusión cromática nas ilustracións de Anna Laura Cantone, que combinan a técnica do collage de obxectos e texturas, a acuarela, os lapis e as ceras de cores. Os seus personaxes son grotescos e extravagantes, bosquexados con trazos finos e dinámicos. Diversión e desenfado nun álbum que vai de sobresalto en sobresalto.



■ **Temática:** humor, bromas, sorpresas, travesuras, disfraces.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** rimas, repeticións; animais, números; imaxinación, creatividade.

Jorge Rico Ródenas

(Elx, 1977)

Licenciado en Xornalismo e Lingüística pola Universidade Complutense de Madrid. Traballa no campo da lingüística computacional, o recoñecemento automático da fala e o procesamento da linguaxe natural. Foi técnico do Laboratorio de Fonética do Consello Superior de Investigacións Científicas e colaborou na elaboración da *Nueva Gramática de la Lengua Española*. É profesor invitado da Universidade Nacional de Educación a Distancia e foi docente do máster de Fonética e Fonoloxía do CSIC. Imparte cursos de fonoloxía e prosodia, ademais de publicar artigos en revistas científicas.

Anna Laura Cantone

(Alexandria, Italia, 1977)

Estudou ilustración no Instituto Europeo de Deseño, en Milán, onde imparte clases. No ano 2000 publicou o seu primeiro libro ilustrado, ao que seguiron numerosas obras e colaboracións en revistas especializadas. Participou en exposicións de pintura e escultura en galerías de Italia e doutros países. Recibiu, entre outros, o Premio Ragazzi da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, e o Premio Andersen Le Immagini della Fantasia. Foi seleccionada en varias ocasións pola Feira de Boloña, a Bienal de Ilustración de Bratislava, a Sociedade Americana de Ilustración en Nova York e a Feira Internacional do Libro de Taipei. Tamén participou nunha serie e nunha película de debuxos animados.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
